

Dende Monte Alto: Komunikando

Tres anos tiveron que pasar dende o *Capetón* para que os Diplomáticos armasen novo disco. Unha nova arroutada dende Monte Alto e ‘contra o mundo’ para unha formación bravú que asenta entre os veteranos do rock galaico, agora coas baixas de Xurxo Souto e Mangüi Martín e ata catro novas incorporacións. O día 24 nas tendas: Komunikando. O 28 comeza en Barcelona a xira promocional.

- 13:31 17/03/2003

Dende o 1999, os Diplomáticos de Monte Alto viñan zoupando nos escenarios con Capetón, o que foi quinto disco da formación. Polo medio, o abandono do grupo de Xurxo Souto e Mangüi Martín, o ano 2001, e a chegada ao micro do vocalista de Manolo Maseda e de Toni Simoes ao baixo. As novidades complétanas Lola de Ribeira, voz, gaita e percusións, e o baterista Xabier Alonso.

Con esta nova galería bravuística curtíndose no escenario, Os Diplomáticos camiñan cara o quince aniversario gravando durante o 2002 o disco que este mes sae á luz: “O grupo retoma o realismo máxico de Cunqueiro para o transgredir en punkismo máxico, asentando o respiro da súa propia república independente, un lugar en que ten cabida todo tipo de accións culturais e no cal por fin poden exercer o seu cargo como corpo diplomático. Nun paraíso chamado “MUENGA” a música é o nexo de unión para unha comunicación cada vez máis complicada.”

Komunikando agromou no verán do 2002 no estudio de Segundo ‘Siniestro Total’ Grandío, e chega ás tendas con BOA de padriños. No proxecto, moitas colaboracións: Uxía Senlle, Susana Seivane, Roberto Grandal, Julián Hernández, Xurxo Souto ou as mozas caboverdiano burelesas de Batuko Tabanka. Ademais, achegas de Manuel María, Lino Braxe e Manuel Rivas.

“ATENCIÓN... aquí van catorce mensaxes combativas en forma de bomba sonora de sódio e potásio que están a ser radiadas, estímulos neuronais solidários coa filosofía da NaKRra, que constrúen o seu manifesto republicano:

Os diplomáticos espertan do seu sono, queren ver-lle as caras aos manipuladores, esixen saber quen son os que están aí. Saben que o submundo en que vivimos ten que subir ao alto para ver máis alá do monte maior e loitar pola dignidade que nos rouban día a día.

(...)

Non, non será o fin. É o comezo da festa, o noso dereito a nos expresar e comunicar en liberdade. Evolucionando cos ollos da dignidade do quero ver dunha nena chamada COMUNICACIÓN.

Sempre nos quedará o bruar expectante da sua vaca aerofáxica para...

... VER QUE Á NOSA PORTA ESTÁN CHAMANDO AS MARAVILLAS DO MUNDO!!!”

Recomendámoslles tamén o artigo, [O teimudo boureo do rock galego](#).